

Código de conduta das estatísticas europeas

Versión de 2017

Adoptado polo Comité do Sistema Estadístico Europeo o 16 de novembro de 2017

Preámbulo

O Código de conduta das estatísticas europeas

O Código de conduta das estatísticas europeas constitúe a pedra angular do cadro común de calidade do Sistema Estadístico Europeo. Este instrumento autorregulador aséntase en dezaseis principios, que abranguen o ámbito institucional, os procesos estatísticos e a produción estatística. Un conxunto de indicadores das mellores prácticas e normas técnicas para cada un dos principios serve de orientación e referencia para analizar a aplicación do Código, e aumenta así a transparencia no cadro do Sistema Estadístico Europeo.

As autoridades estatísticas, que inclúen a autoridade estatística da Unión Europea (Eurostat), os institutos nacionais de estatística e outras autoridades nacionais responsables do desenvolvemento, da elaboración e da difusión de estatísticas europeas, comprométense a aplicar o Código de conduta.

Un comité consultivo independente, o Comité Consultivo Europeo para a Gobernación Estatística («o Comité»)¹, prové unha visión xeral da aplicación do Código de Conduta no Sistema Estadístico Europeo. O Comité analiza, cada ano, a aplicación do Código por parte da autoridade estatística da Unión Europea (Eurostat) e polo Sistema Estadístico Europeo no seu conxunto e mais formula recomendacións sobre as medidas adecuadas para facilitar a aplicación do Código, sobre a súa comunicación aos usuarios e provedores de datos e sobre as súas posibles actualizacións.

Esta edición de 2017 constitúe a segunda revisión do Código de conduta, adoptado por primeira vez en 2005. O seu obxectivo consiste en reflectir os últimos cambios e innovacións no desenvolvemento, na elaboración e na difusión de estatísticas oficiais tanto no Sistema Estadístico Europeo como fóra del, coma tal o xurdimento de novas fontes de datos, o uso das novas tecnoloxías, a modernización do marco xurídico e os resultados das revisións inter-pares da aplicación do Código.

Velaquí un glosario en liña dos principais termos empregados no Código de conduta:

<https://ec.europa.eu/eurostat/web/quality/overview>

O cadro común de calidade do Sistema Estadístico Europeo

O cadro común de calidade do Sistema Estadístico Europeo componse do Código de conduta das estatísticas europeas, do Cadro de garantía de calidade do Sistema Estadístico Europeo e dos principios xerais de xestión da calidade (como a interacción permanente cos usuarios, o compromiso de liderado, os acordos de cooperación, a satisfacción do persoal, a mellora continua, a integración e a harmonización).

¹ Comité Consultivo Europeo para a Gobernación Estatística: <http://ec.europa.eu/eurostat/web/esgab/introduction>

Este cadro común de calidade autorregulador complementa o amplo marco xurídico do Sistema Estadístico Europeo, asentado no Regulamento (CE) n.º 223/2009 sobre as estatísticas europeas, que á súa vez basease no Tratado de funcionamento da Unión Europea. Así, as estatísticas e os servizos de gran calidade con que conta Europa desenvólvense, elabóranse e difúndense nun marco xurídico e de calidade moi sólido.

A Declaración de calidade do Sistema Estadístico Europeo, incluída nas seguintes páxinas, reflicte o empeño a prol da calidade que existe no devandito sistema e o compromiso asumido por todos os seus membros co desenvolvemento, elaboración e difusión permanentes de estatísticas europeas e de servizos de gran calidade, co fin de achegar valor aos seus usuarios de forma sustentable.

Código de conduta das estatísticas europeas

Ámbito institucional

Os factores institucional e organizativo teñen unha influencia considerable na eficacia e na credibilidade dunha autoridade estatística ao desenvolver, elaborar e difundir estatísticas europeas. Os principios pertinentes son: independencia profesional, coordinación e cooperación, mandato para a recolla de datos, adecuación dos recursos, compromiso coa calidade, confidencialidade estatística, imparcialidade e obxectividade.

Principio 1: Independencia profesional

A independencia profesional das autoridades estatísticas respecto de calquera outro órgano ou departamento político, regulador ou administrativo, así como fronte aos operadores do sector privado, garante a credibilidade das estatísticas europeas.

Indicador 1.1: A independencia dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat de calquera interferencia política ou inxerencia externa doutro tipo no que respecta ao desenvolvemento, á elaboración e á difusión de estatísticas vén establecida por lei e garantida para outras autoridades estatísticas.

Indicador 1.2: As autoridades máximas dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat, e cando corresponda, doutras autoridades estatísticas, teñen un nivel xerárquico elevado abondo para un acceso de alto nivel ás autoridades políticas e aos organismos públicos administrativos; son persoas do máis alto talle profesional.

Indicador 1.3: As autoridades máximas dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat e, cando corresponda, doutras autoridades estatísticas, teñen a responsabilidade de asegurar que as estatísticas se desenvolvan, elaboren e difundan de forma independente.

Indicador 1.4: As autoridades máximas dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat e, cando corresponda, doutras autoridades estatísticas, contan con autoridade única para decidiren os métodos, as normas e os procedementos estatísticos, así como o contido e a data de publicación.

Indicador 1.5: Os programas de traballo estatístico son publicados e os progresos acadados, descritos en relatorios periódicos.

Indicador 1.6: As publicacións de estatística distínguense claramente das declaracións políticas ou sobre políticas e emítense á marxe delas.

Indicador 1.7: Os institutos nacionais de estatística e Eurostat e, cando corresponda, outras autoridades estatísticas, comentan publicamente cuestións estatísticas, inclusive críticas e usos inadecuados das estatísticas dentro do razoable.

Indicador 1.8: Os procedementos para escoller e nomear as autoridades máximas dos institutos nacionais de estatística e Eurostat e, cando corresponda, doutras autoridades estatísticas, realízanse de forma transparente e unicamente con base en criterios profesionais. No marco legal especificanse os motivos polos que poden cesar. Estes non poden incluír razóns que comprometan a independencia científica ou profesional.

Principio 1 (bis): Coordinación e cooperación

As autoridades máximas dos institutos nacionais de estatística e de Eurostat aseguran a coordinación de todas as actividades para o desenvolvemento, a elaboración e a difusión das estatísticas europeas a nivel nacional e europeo, respectivamente.

Indicador 1 bis.1: Os institutos nacionais de estatística coordinan as actividades estatísticas de todas as demais autoridades nacionais que desenvolven, elaboran e difunden estatísticas europeas. Actúan ao respecto como o único punto de contacto con Eurostat en materia estatística. Contan cunha lexislación e uns procedementos claros e solidamente establecidos para implementar a coordinación a nivel nacional e europeo.

Indicador 1bis.2: As orientacións nacionais empregadas para asegurar a calidade do desenvolvemento, a elaboración e a difusión de estatísticas europeas dentro do sistema nacional son elaboradas polas autoridades máximas dos institutos nacionais de estatística. A súa aplicación é sometida a seguimento e revista.

Indicador 1bis.3: As autoridades estatísticas manteñen e desenvolven continuamente a varios niveis a cooperación entre si e cos órganos consultivos do Sistema Estadístico Europeo, así como cos membros do Sistema Europeo de Bancos Centrais, coas institucións académicas e con outros organismos internacionais.

Principio 2: Mandato para recolla de datos e acceso aos datos

As autoridades estatísticas teñen un mandato legal claro para recolleren e accederen á información de múltiples fontes de datos para fins estatísticos europeos. Á petición das autoridades estatísticas, pódese obrigar por lei ás administracións, ás empresas, aos fogares e ao público en xeral a permitir o acceso aos datos destinados á elaboración de estatísticas europeas ou a facilitar os devanditos datos.

Indicador 2.1: O mandato das autoridades estatísticas para recolleren e accederen á información de múltiples fontes de datos para o desenvolvemento, a elaboración e a difusión de estatísticas europeas está establecido por lei.

Indicador 2.2: As autoridades estatísticas están autorizadas por lei a acceder aos datos da Administración, de forma inmediata e gratuíta, e utilízaos con fins estatísticos. Son implicadas desde o inicio no deseño, desenvolvemento e interrupción de rexistros administrativos, para tornalos máis axeitados para fins estatísticos

Indicador 2.3: Conforme a un acto xurídico, as autoridades estatísticas poden obrigar a responder enquisas estatísticas.

Indicador 2.4: Facilítase o acceso para fins estatísticos a outros datos, como os privados, asemade que se garante a confidencialidade estatística e a protección deles.

Principio 3: Adecuación dos recursos

Os recursos á disposición das autoridades estatísticas son suficientes para cumprir os requisitos das estatísticas europeas.

Indicador 3.1: Dispónse dos recursos humanos, financeiros e informáticos axeitados, tanto en magnitude como en calidade, para cumprir as necesidades en materia de estatística.

Indicador 3.2: O ámbito, o detalle e o custo das estatísticas son proporcionados ás necesidades.

Indicador 3.3: Existen procedementos para avaliar e xustificar as solicitudes de novas estatísticas en relación co seu custo.

Indicador 3.4: Existen procedementos para avaliar a necesidade de realizar cada estatística, co fin de determinar se algunha delas pode eliminarse ou reducirse, para liberar recursos.

Principio 4: Compromiso de calidade

As autoridades estatísticas están comprometidas coa calidade; identifican sistemática e regularmente os puntos fortes e débiles para mellorar continuamente o proceso e a calidade do produto.

Indicador 4.1: A política de calidade está establecida e atópase á disposición do público. Dispónse dunha estrutura organizativa e instrumentos para xestionar a calidade.

Indicador 4.2: Existen procedementos establecidos para planificar, supervisar e mellorar a calidade dos procesos estatísticos, incluída a integración de datos de diversas fontes.

Indicador 4.3: A calidade do produto contrólase con regularidade, avalíase con respecto aos posibles compromisos entre compoñentes de calidade e é obxecto de informes consonte os criterios de calidade das estatísticas europeas.

Indicador 4.4: Existe unha análise regular e exhaustiva dos produtos estatísticos clave, recorrendo mesmo a expertos externos cando corresponda.

Principio 5: Confidencialidade estatística e protección de datos

A privacidade dos informantes, a confidencialidade da información que proporcionan e o seu uso exclusivo con fins estatísticos están totalmente garantidos.

Indicador 5.1: A confidencialidade estatística está garantida por lei.

Indicador 5.2: O persoal estatístico asina un compromiso xurídico de confidencialidade cando é contratado.

Indicador 5.3: Establécense sancións por calquera incumprimento deliberado da confidencialidade estatística.

Indicador 5.4: Proporciónanse ao persoal estatístico instrucións e orientacións sobre a protección da confidencialidade estatística durante todo o proceso estatístico. A política de confidencialidade atópase a disposición do público.

Indicador 5.5: Aplícanse as necesarias medidas regulatorias, administrativas, técnicas e organizativas para protexer a seguridade e a integridade dos datos estatísticos e a súa transmisión consonte as mellores prácticas e segundo os estándares internacionais, así como a lexislación europea e nacional.

Indicador 5.6: Os usuarios externos que acceden a microdatos estatísticos con fins de investigación son sometidos a protocolos estritos.

Principio 6: Imparcialidade e obxectividade

As autoridades estatísticas desenvolven, elaboran e difunden estatísticas europeas respectando a independencia científica e dunha forma obxectiva, profesional e transparente na que todos os usuarios son tratados de maneira equitativa.

Indicador 6.1: As estatísticas recompílanse sobre unha base obxectiva determinada por consideracións estatísticas.

Indicador 6.2: A elección das fontes e os métodos estatísticos, así como as decisións en canto á difusión das estatísticas, baséanse en consideracións estatísticas.

Indicador 6.3: Os erros descubertos nas estatísticas difundidas corríxense o antes posible e publícanse.

Indicador 6.4: A información sobre as fontes de datos, os métodos e os procedementos empregados atópase á disposición do público.

Indicador 6.5: Anúncianse con antelación a data e a hora de publicación das estatísticas.

Indicador 6.6: Anúncianse por adiantado as revisións ou cambios importantes na metodoloxía.

Indicador 6.7: As autoridades estatísticas deciden de forma independente sobre o contido e a data das publicacións estatísticas, á vez que se comprometen a fornecer información estatística completa e oportuna. Todos os usuarios contan co mesmo acceso ás publicacións estatísticas asemade. O acceso privilexiado de calquera usuario externo previo á publicación debe estar xustificado e controlado e ten carácter limitado e público. Se se producen filtracións, revísanse os acordos de acceso privilexiado co fin de garantir a imparcialidade.

Indicador 6.8: As publicacións e declaracións estatísticas realizadas en roldas de prensa son obxectivas e imparciais.

Procesos estatísticos

As normas, orientacións e boas prácticas, tanto europeas coma internacionais, respéctanse plenamente nos procesos utilizados polas autoridades estatísticas para desenvolver, elaborar e difundir as estatísticas europeas. A credibilidade das estatísticas é reforzada por unha reputación de boa xestión e eficiencia. Os aspectos pertinentes son unha metodoloxía sólida, uns procedementos estatísticos axeitados, unha carga non excesiva para os informantes e a relación custo-eficacia.

Principio 7: Metodoloxía sólida

As estatísticas de calidade aséntanse nunha metodoloxía sólida, que require ferramentas, procedementos axeitados e pericia.

Indicador 7.1: O cadro metodolóxico xeral das estatísticas europeas segue normas, orientacións e boas prácticas tanto europeas como internacionais, e procura de forma constante a innovación.

Indicador 7.2: Existen procedementos para garantir que, a todos os niveis, a autoridade estatística aplica de xeito coherente conceptos, definicións, clasificacións e outros estándares.

Indicador 7.3: Os rexistros e marcos que se empregan para as estatísticas europeas avalíanse de forma regular e, se cómpre, axústanse para garantir unha boa calidade.

Indicador 7.4: Mantense unha concordancia detallada entre os sistemas de clasificacións nacionais e os correspondentes sistemas europeos.

Indicador 7.5: Contrátanse titulados nas disciplinas académicas pertinentes.

Indicador 7.6: As autoridades estatísticas aplican unha política de formación profesional continua para o seu persoal.

Indicador 7.7: As autoridades estatísticas contactan e cooperan coa comunidade científica para melloraren a metodoloxía e a efectividade dos métodos empregados e, cando sexa viable, promoveren mellores ferramentas.

Principio 8: Procedementos estatísticos axeitados

Uns procedementos estatísticos axeitados, aplicados durante todo o proceso de produción estatística, sustentan a calidade das estatísticas.

Indicador 8.1: Cando as estatísticas europeas se basean en datos administrativos ou doutro tipo, as definicións e os conceptos utilizados con outros fins son unha boa aproximación aos requiridos para fins estatísticos.

Indicador 8.2: No caso das enquisas estatísticas, próbanse sistematicamente os cuestionarios antes da recolla de datos.

Indicador 8.3: Os procesos estatísticos supervísanse e revísanse de forma rutineira se cómpre.

Indicador 8.4: Os metadatos relacionados con procesos estatísticos xestiónanse durante todo o proceso estatístico e, se corresponde, difúndense.



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA



SISTEMA
ESTADÍSTICO
EUROPEO

Indicador 8.5: As revisións seguen procedementos normalizados, consolidados e transparentes.

Indicador 8.6: Establécense acordos cos titulares dos datos administrativos e doutro tipo nos que se establece o compromiso común para o uso dos devanditos datos con fins estatísticos.

Indicador 8.7: As autoridades estatísticas cooperan cos titulares dos datos administrativos e doutro tipo para garantir a calidade dos datos.

Principio 9: Carga non excesiva para os enquisados

A carga de resposta é proporcionada ás necesidades dos usuarios e non é excesiva para os enquisados. As autoridades estatísticas controlan a carga que supón responder á enquisa e fixan obxectivos para reducila progresivamente.

Indicador 9.1: O alcance e o detalle das esixencias en materia de estatísticas europeas están limitados ao que é absolutamente necesario.

Indicador 9.2: A carga de resposta repártese o máis amplamente posible entre as poboacións obxecto da enquisa e é revisada pola autoridade estatística.

Indicador 9.3: Na medida do posible, os datos de negocios ou empresas son doados de obter dende as súas contas. Cando é posible, empréganse medios electrónicos para facilitar a súa transmisión.

Indicador 9.4: As fontes de datos administrativos e doutro tipo empréganse sempre que é posible para evitar repetir os requirimentos de datos.

Indicador 9.5: Cumprindo coa confidencialidade e a protección de datos requiridas, promóvese compartir e integrar datos para minimizar a carga de resposta.

Indicador 9.6: Co fin de reduciren a carga de resposta, as autoridades estatísticas promoven medidas que permiten enlazar as distintas fontes de datos.

Principio 10: Rendibilidade

Os recursos utilízanse eficientemente.

Indicador 10.1: O uso de recursos por parte da autoridade estatística supervísase a través de medidas internas e externas independentes.



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA



SISTEMA
ESTADÍSTICO
EUROPEO

Indicador 10.2: O potencial de produtividade das tecnoloxías de información e comunicación optimízase para o proceso estatístico

Indicador 10.3: Esfórzase activamente para mellorar o potencial estatístico das fontes de información administrativas e doutro tipo e para limitar recorrer a enquisas directas.

Indicador 10.4: As autoridades estatísticas promoven, comparten e aplican solucións normalizadas que aumentan a eficacia e a eficiencia.

Producción estatística

As estatísticas dispoñibles satisfán as necesidades dos usuarios. As estatísticas cumpren as normas de calidade europeas e responden ás necesidades das institucións europeas, dos gobernos, dos centros de investigación, das empresas e do público en xeral. A calidade do produto é medida pola pertinencia, pola precisión e fiabilidade, pola oportunidade e puntualidade, pola coherencia e comparabilidade entre rexións e países, e pola accesibilidade doada para os usuarios, isto é, polos principios da produción estatística

Principio 11: Pertinencia

As estatísticas europeas satisfán as necesidades dos usuarios.

Indicador 11.1: Existen procedementos para consultar aos usuarios, avaliar a pertinencia e o valor das estatísticas existentes polo que se refire ás súas necesidades e para considerar e anticipar as súas novas necesidades e prioridades. Procúrase a innovación para mellorar de forma continua a produción estatística.

Indicador 11.2: Satisfanse as necesidades prioritarias e reflíctense no programa de traballo.

Indicador 11.3: Realízase un control periódico e un seguimento sistemático da satisfacción dos usuarios.

Principio 12: Precisión e fiabilidade

As estatísticas europeas reflecten a realidade de xeito preciso e fiable.

Indicador 12.1: Os datos orixinais, os datos integrados, os resultados intermedios e os produtos estatísticos son validados e avaliados periodicamente.



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA



SISTEMA
ESTADÍSTICO
EUROPEO

Indicador 12.2: Os erros de mostraxe e alleos á mostraxe calcúlanse e documéntanse sistematicamente conforme aos estándares europeos.

Indicador 12.3: Analízanse de forma regular as revisións para mellorar os datos orixinais, os procesos e os produtos estatísticos.

Principio 13: Oportunidade e puntualidade

As estatísticas europeas fanse públicas oportuna e puntualmente.

Indicador 13.1: O calendario de publicación das estatísticas é conforme ás normas europeas e internacionais sobre comunicación.

Indicador 13.2: Anúnciase unha hora determinada do día para a publicación de estatísticas.

Indicador 13.3: A periodicidade das estatísticas conta coas necesidades dos usuarios na medida do posible.

Indicador 13.4: Cando non se cumpre o calendario previsto de difusión, publícase por adiantado, coa correspondente explicación, e establécese unha nova data.

Indicador 13.5: Os resultados preliminares de fiabilidade e precisión agregada aceptables poden ser publicados cando se consideren útiles.

Principio 14: Coherencia e comparabilidade

As estatísticas europeas son consistentes internamente, ao longo do tempo e comparables entre rexións e países; é posible combinar e utilizar conxuntamente datos relacionados procedentes de fontes diversas.

Indicador 14.1: As estatísticas son coherentes e consistentes internamente (isto é, obsérvanse identidades aritméticas e contables).

Indicador 14.2: As estatísticas son comparables durante un período de tempo razoable.

Indicador 14.3: As estatísticas compílanse de acordo a unhas convencións comúns en canto ao seu alcance e ás súas definicións, unidades e clasificacións nas diferentes enquisas e fontes de datos.

Indicador 14.4: As estatísticas procedentes de distintas fontes e con diferente periodicidade compáranse e concílianse.

Indicador 14.5: A comparabilidade transnacional dos datos dentro do Sistema Estadístico Europeo garántese mediante intercambios periódicos entre o devandito Sistema e outros sistemas estatísticos. Realízanse estudos metodolóxicos en estreita colaboración entre os estados membros e Eurostat.

Principio 15: Accesibilidade e claridade

As estatísticas europeas preséntanse de forma clara e comprensible, difúndense de modo adecuado e conveniente, están dispoñibles e accesibles de xeito imparcial e van acompañadas de metadatos e orientacións de apoio.

Indicador 15.1: As estatísticas e os metadatos correspondentes preséntanse e arquivanse de tal forma que facilitan a interpretación axeitada e as comparacións significativas.

Indicador 15.2: Os servizos de difusión usan tecnoloxías, métodos e plataformas de información e comunicación modernos, así como normas para datos abertos.

Indicador 15.3: Cando é posible, proporciónanse análises á medida e infórmase diso ao público.

Indicador 15.4: O acceso aos microdatos está permitido para fins de investigación e está suxeito a normas ou protocolos específicos.

Indicador 15.5: Os metadatos relacionados cos produtos son controlados e difundidos pola autoridade estatística de acordo coas normas europeas.

Indicador 15.6: Mantéñense informados os usuarios sobre a metodoloxía dos procesos estatísticos, incluídos o uso e a integración de datos administrativos e doutro tipo.

Indicador 15.7: Mantéñense informados os usuarios sobre a calidade dos produtos estatísticos respecto dos criterios de calidade para as estatísticas europeas.